




**CULLEREDO**  
CONCELLO

Rúa do Concello, 12  
15189 Culleredo  
www.culleredo.es

**URB – 004**  
**Comunicación**  
**previa de primeira**  
**ocupación**



**SOLICITANTE E REPRESENTANTE**

Nome e apelidos / Razón social  NIF  CIF  Pasaporte/NIE

Nome e apelidos Representante  NIF  CIF  Pasaporte/NIE

Dirección para efectos de notificacións (do solicitante ou do representante se procede)  
Dirección de notificación Nº Localidade e Código Postal

Outros medios de contacto (do solicitante ou do representante se procede)  
Teléfono fixo Teléfono móbil Dirección de correo electrónico Fax

**LOCALIZACIÓN DA PARCELA OU EDIFICACIÓN**

Localización: Nº: C.P.:

Referencia catastral:

**DESCRIPCIÓN DAS OBRAS**

Indicar segundo corresponda:  Comunicación previa de primeira ocupación **total**  Comunicación previa de primeira ocupación **parcial**

Descrición das obras Título habilitante, expediente municipal

Data de finalización das obras (DD/MM/AAAA)

Data da acta de replanteo

**DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta, e en todo caso:

- Que se acredita a efectiva e completa finalización das obras comunicadas, as cales se axustan integramente ao proxecto e ao seu título habilitante (e coas súas condicións), e á normativa municipal do Concello de Culleredo.
- Que é susceptible de utilización independente, e a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á obra obxecto da comunicación, atópase totalmente finalizada.
- Que se garante o cumprimento das obrigacións urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención do título habilitante e as obras de urbanización están completamente terminadas.
- Que dispón do certificado de eficiencia enerxética (CEE) da obra executada (edificio existente ou edificio terminado), e achega xustificante de inscrición no rexistro da Xunta de Galicia (INEGA).
- Que as obras executadas cumpren a normativa en materia de accesibilidade, habitabilidade e seguridade, e co C.T.E.
- Que dispón e presenta a documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora, de conformidade co artigo 146.g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- Que se cumpriron os requisitos da normativa específica de xestión de residuos.
- Que presenta toda a documentación preceptiva.
- Que son certos todos os datos recolleitos neste impreso.

**E COMUNICA** a primeira ocupación, de conformidade co artigo 142 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

**DECLARO** que lin as advertencias legais e que acepto as condicións particulares expresadas, polo que solicito admítase a trámite esta instancia.

Culleredo, de de de  
O/A solicitante ou representante legal

**ADVIRTESELLE QUE** conforme co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que procedese impoñer por tales feitos". Así mesmo, "A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o apartado anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano".

Asdo.:

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- Instancia de solicitude debidamente cumprimentada.
- Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras subscrito por técnico competente, visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións amparadas en licenza de obras que requiran proxecto técnico (artigo 146.1.f) da Lei 2/2016).
- Impresos de alta da edificación con rexistro de entrada na Delegación de Facenda (Impreso 900D).
- Certificación do técnico director (modelo URB-004-B Anexo certificado técnico).
- Unha fotografía de cada fachada do edificio.
- Xustificante do rexistro de inscrición na Xunta de Galicia (INEGA) do certificado de eficiencia enerxética (CEE) da obra executada.
- Proforma de escritura de obra nova e división horizontal, cando fose preciso.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora. Fotocopia dos boletíns de instalacións de auga, electricidade e gas (artigo 146.1.g) da Lei 2/2016).
- Certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da adecuada execución das acometidas das redes de subministración, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións (artigo 146.1.g) da Lei 2/2016). **(O interesado deberá solicitalo directamente ás empresas subministradoras).**
- Proxecto de estado final da obra, se fose preciso (coa súa memoria correspondente).
- Xustificante do pago da taxa.
- Certificado de fin de obra de infraestrutura común de telecomunicacións. **(Só en edificios)**
- Boletín de instalación de telecomunicacións. **(Só en edificios)**
- Informe acústico conforme ao artigo 10 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Documento acreditativo asinado polo/a interesado/a e a dirección facultativa das obras reflectindo o orzamento de proxecto e de liquidación provisional do ICIO, e o orzamento das obras efectivamente executadas, para os efectos da súa liquidación definitiva.

## OBJECTO

A través deste procedemento, as persoas solicitantes poderán comunicar a primeira ocupación que é o acto administrativo que acredita que o edificio ou vivenda cumpre os requisitos esixidos para ser destinado ao uso previsto, especialmente que a obra está completamente executada e axústase á licenza urbanística outorgada.

## INSTRUCCIÓNS DE CUMPRIMENTACIÓN

- Cumprimente os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación.
- Cumprimente igualmente a dirección completa, a efectos de notificacións, do solicitante ou do seu representante, así como outros medios de contacto tales como un teléfono fixo, teléfono móbil, dirección de correo electrónico e fax, no caso de que desexe ser contactado por algún destes medios. Indique expresamente se autoriza ao Concello de Culleredo a que lle envíe mensaxes SMS e/o correos electrónicos á dirección especificada así como notificacións fidedignas á súa caixa de correos Web para o que necesitará un certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, CERES, etc.) Pode obter máis información sobre certificados dixitais, administración electrónica, así como da súa Caixa de correos Web Persoal para a práctica de notificacións telemáticas fidedignas en [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)
- Indique a relación de documentos que achega xunto coa solicitude.
- En caso de achegar documentación ou formular alegacións ou recursos, non se esqueza de indicar o código de expediente relacionado.
- No caso de que a exposición de motivos non caiba no anverso, continuar no reverso. Se este resultase insuficiente engada máis páxinas indicando o número de follas presentado.
- A solicitude debe ser asinada polo interesado solicitante ou o seu representante, se procede.

## AVISO LEGAL

De acordo co Regulamento (EU) 2016/679, o Concello de Culleredo informa que tratará os datos coa máxima confidencialidade, coa exclusiva finalidade de xestionar o procedemento administrativo de referencia, sendo a base de lexitimación o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O abaixo asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e os documentos que se unen son certos. Os datos serán tratados de acordo ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na normativa que puidese aplicarse para a súa tramitación, realizándose aquelas cesións contempladas por lei ou aquelas consideradas como necesarias para os efectos oportunos.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderán ser exercidos, achegando en todo caso unha copia de documento acreditativo da súa identidade e concretando o dereito ou dereitos que desexa exercer, mediante unha comunicación dirixida ao Comité de Privacidade de Concello de Culleredo por algunha das dúas seguintes vías: (i) Mediante correo electrónico á dirección [rgpd@culleredo.es](mailto:rgpd@culleredo.es); ou (ii) por carta a Rúa do Concello, 12 – 15189 - Culleredo.

## Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CULLEREDO